

CERTIFICACIÓN

José Rogelio Pardo Martínez, secretario accidental do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 12 de setembro de 2024, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

PUNTO CUARTO. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DAS OBRAS DE MELLORA DO VIARIO TRAS DO CABALO E OUTROS. PLAN AGADER 2024-2025. EXPEDIENTE GD 3248/2024

A Xunta de Goberno Local do 16.08.2024 aprobou o expediente de licitación por procedemento aberto simplificado abreviado cun único criterio de valoración das obras de mellora do viario Tras do Cabalo e outros, obra incluída no PLAN AGADER 2024-2025..

O 19.08.2024 foi obxecto de publicación o anuncio de licitación na Plataforma de Contratación do Sector Público (en adiante PCSP), rematando o prazo de presentación de solicitudes o 2.09.2024

Consta no expediente relación de licitadores presentados emitido pola Plataforma de Contratación do Sector Público.

Formularon oferta as seguintes empresas:

EMPRESA	CIF
CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	B15081847
COSMALCA, S.L.	B15121783
EXCAVACIONES JOSE VARELA IGLESIAS S.L.	B15510076
EXCAVACIONES POSE S.L.	B15626922
EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L.	B15496219
EXCAVACIONES OVIDIO, S.L.	B15356090
GR CONSTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	B70262829
MANTIDO SL	B15819642
SYR-AMG, S.L.	B15938780

Unha vez rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación do 05.09.2024, procede a apertura do sobre único, onde revisada a documentación administrativa comprobouse que todos os licitadores cumpren co requirido e procedese a apertura das ofertas económicas.

Unha vez comprobado que ningunha das empresas incorre en baixa temeraria, ao tratarse dun procedemento aberto simplificado abreviado, de acordo co establecido no artigo 159.6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, e o artigo 83 do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos do Sector Público,

procedese a elaborar proposta de adxudicación a favor do candidato con mellor puntuación.

EMPRESA	CIF	Importe oferta (Sen IVE)	PUNTOS
EXCAVACIONES POSE S.L.	B15626922	21.100,00 €	22,63
COSMALCA, S.L.	B15121783	21.140,50 €	21,53
EXCAVACIONES JOSE VARELA IGLESIAS S.L.	B15510076	21.150,00 €	21,29
EXCAVACIONES OVIDIO, S.L.	B15356090	21.182,75 €	20,42
EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L.	B15496219	21.206,90 €	19,78
CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	B15081847	21.260,33 €	18,38
MANTIDO SL	B15819642	21.415,44 €	14,23
SYR-AMG, S.L.	B15938780	21.742,42 €	5,54
GR CONSTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	B70262829	21.830,21 €	3,21

A Mesa de Contratación ao tratarse dun procedemento aberto simplificado abreviado (artigo 159.6 LCSP) comproba a súa inscrición no ROLECE, constatando que non está incurso en prohibición para contratar, non sendo necesario a acreditación de solvencia económica e financeira, técnica e profesional, así como a constitución de garantía definitiva. Comprobouse de oficio que a empresa non ten débedas coa Seguridade Social, Axencia Tributaria nin coa ATRIGA.

Figura no expediente, informe favorable de fiscalización da adxunta á Intervención municipal (informe AI 166/2024 do 09.09.2024) ([CSV:15220IDOC20F641AF500CE704C8E](https://sede.concellodeames.gal/CSV:15220IDOC20F641AF500CE704C8E))

Por todo o exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 1983/2023, BOP 120 do 26.06.2023), adopta os seguintes acordos:

Primeiro. Adxudicar a empresa Excavaciones Pose SL con CIF: B15626922, o contrato das obras de Mellora de viario en Tras do Cabalo e outros, nas condicións que a continuación se indican, tendo en conta a oferta da empresa adxudicataria e as condicións establecidas nos pregos de licitación, tanto pregos administrativos como técnicos:

1. Oferta económica:

Importe sen IVE	IVE 21%	Importe total
21.100,00 €	4.431,00 €	25.531,00 €

2. Duración do contrato: A duración inicial do contrato será de **6 meses**, a partir do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación do reformulo salvo que exista reserva fundada que impida o seu comenzo. O contrato só se prorrogará cando concorran as circunstancias e requisitos esixidos pola lexislación vixente.

Porén dadas as características da subvención AGADER con data 16.10.2024 terá que estar executada e xustificada a anualidade 2024.

Debido ao axustado dos tempos, o Concello de Ames solicitou unha ampliación de prazo para xustificar a anualidade 2024. O prazo solicitado ampliárase ata o 11.12.2024, co cal as certificacións terán que presentarse para estar pagadas, como mínimo, antes do 02.12.2024.

3. Condición especial de execución: Deberá acreditar no transcurso da realización da obra, o cumprimento da condición especial de execución presentada na oferta que é: "Co fin de favorecer a formación no lugar de traballo, o operador económico que resulte adxudicatario deberá realizar, durante o

período de execución deste contrato, polo menos, un curso de formación destinado ao persoal da empresa, cunha duración mínima de 8 horas en materia de capacitación laboral de carácter técnico (operador de maquinaria, albanelaría, fontanería, electricidade, carpintería, montaxe de estadas, instaladores, pintura, formigonado, mantemento de estradas, movemento de terras, explanacións, asfaltados, etc)”.
O incumprimento desta condición especial de execución considerárase incumprimento de obriga-
ción esencial, e en consecuencia o órgano de contratación poderá acordar a resolución do contrato e a
inhabilitación da empresa para contratar.

4. Nomear como **director facultativo da obra** ao arquitecto redactor do proxecto Pablo Blanco Ferreiro, e como **coordinador de seguridade e saúde** ao técnico superior en prevención de riscos laborais Ignacio José Alonso Díaz, ambos de Estudio Técnico Gallego SA.

5. **Representante do órgano xestor:** Esteban de la Fuente Rodríguez, técnico do Ciclo Integral da Auga do Concello de Ames, que actuará como representante do órgano xestor e dará conformidade ás certificacións de obra.

6. O Interventor Xeral asistirá, persoalmente ou a través de delegación expresa conferida á recepción da obra. Para elo deberá producirse a correspondente comunicación polo responsable do órgano xestor cunha antelación mínima de 10 días hábiles, respecto do proposto para a recepción das obras, co obxecto de que se dispoña de tempo suficiente para a adecuada organización e programación do traballo.

7. Dentro dos 15 días naturais seguintes ó da sinatura do contrato, e sempre antes do inicio das obras, o contratista presentará o Programa de Traballo, o Plan de Seguridade e Saúde, o Plan de Residuos Específico e a relación de subcontratistas e subministradores, co importe de obra que se vai realizar.

8. **Resto de condicións:** O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

Terceiro. Modificar o expediente de gasto reaxustando as anualidades ao fin de adaptalo aos exercicios e porcentaxes establecidos na Resolución de concesión da subvención que cofinancia o investimento, do xeito que se indica a seguir.

Autorizar dispoñer o gasto por importe de 25.531,00 €, IVE incluído, con cargo á aplicación 454.61900 do vixente orzamento municipal (Cód. Proxecto 2024/2/PROX/14/1).

Anualidades

ANO	IMPORTE IVE INCLUÍDO
2024	12.438,41 €
2025	13.092,59 €

Dado que o contrato é plurianual, de conformidade co artigo 74 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de maio, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, a realización do gasto para o exercicio 2025 está sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento correspondente.

Cuarto. A formalización do contrato efectuarase mediante a firma de aceptación da resolución de adxudicación.

A formalización do contrato efectuarase non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adxudicación. Faise constar que o contrato perfecciónase coa súa formalización. A notificación será realizada por medios electrónicos contendo a información indicada no art. 151.2 da LCSP (art. 151.3 e DA 15ª da LCSP).

Quinto. O cumprimento da condición especial de execución indicada polo licitador na súa oferta (favorecer a formación no lugar de traballo) deberá acreditarse no transcurso da realización da

obra.

Sexto. Comunicar ó Rexistro de Contratos do Sector Público para a súa inscrición os datos básicos do contrato adxudicado. Tamén será publicado na Plataforma de contratación do Estado.

Sétimo. Notificar o presente acordo á empresa Excavaciones Pose SL con CIF: B15626922, así como o réxime de recursos que procede, tal e como esixe o artigo 88 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ao tratarse dun acto que pon fin á vía administrativa.

Oitavo. Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais afectados aos efectos oportunos.

Noveno. Facultar ó alcalde do Concello de Ames, para cantas actuacións de tramiten sexan precisas para a mellor execución do acordado.

E para que conste, para os efectos oportunos, expido a presente co visto e praxe do alcalde, en Ames, a 12.09.2024, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e praxe

O alcalde

José Blas García Piñeiro

O secretario accidental

José Rogelio Pardo Martínez